

**PROTOCOLO DE
ABSENTISMO ESCOLAR
IES LELIADOURA**

O absentismo escolar considerado como non asistencia e/ou falta de puntualidade reiterada e non xustificada, constitúe unha das causas graves, totalmente obxectivable, do fracaso escolar, coas funestas consecuencias que diso se derivan.

A normativa vixente obriga aos diferentes organismos públicos_a loitar pola prevención e corrección do absentismo escolar como unha lacra invalidante da nosa sociedade.

A Comisión Técnica interinstitucional do menor como resposta ás demandas plantexadas e en cumprimento das funcións de coordinación asignadas, presentou un modelo de protocolo de actuación (VER ANEXO) que é utilizado para informar ás diferentes institucións.

FASES DE INTERVENCIÓN

As fases de intervención serían

Intraescolares:

1º Tutoría, individual e familiar

2º Servizos de Orientación

3º Medidas administrativas (requerimento oficial por parte da dirección)

De non acadar solución

4º Notificación á Inspección Educativa e continuación da intervención en fase extraescolar

Extraescolares

O centro educativo remitirá o protocolo de absentismo debidamente cumprimentado e informado a:

5º Administración local: Servizos sociais de atención primaria do concello de residencia do alumno/a.

Tras a intervención realizada se non se obtivesen resultados correctores do absentismo co menor e a familia (ver programa de redución do absentismo escolar no concello de Ribeira), os servizos sociais remitirán o protocolo xunto co seu informe a:

6º Delegación da Consellería. Sevizo de Menores.

De non acadar a solución do problema remitirá tódalas actuacións á Fiscalía de Menores.

7º Administración de Xustiza, Fiscalía de Menores

8º Outros

Programa de redución do absentismo escolar no concello de Ribeira

No curso 2004-05 iniciouse un programa de redución do absentismo escolar no concello de Ribeira. Este programa está coordinado polo departamento de Servizos sociais do concello (que ten encomendado por lei o seguimento da escolaridade obrigatoria) e os centros educativos.

Con este programa inténtase consensuar entre tódalas partes implicadas (administración local, familias, centros educativos e administración autonómica) un protocolo claro de actuación que imprima axilidade ás intervencións e, ó mesmo tempo, crear estruturas de traballo enrede que permitan, a través da reflexión e o intercambio de propostas, optimizar os procesos de intervención co obxectivo final de reducir os índices de absentismo escolar.

Obxectivos:

Previr e reducir o absentismo escolar na etapa de ensinanza obrigatoria.

Difundir o programa a toda a comunidade educativa

Axilizar a coordinación, intervencións e medidas por parte dos servizos implicados.

Transmitir ao alumnado e ás familias as consecuencias do incumprimento das normas vixentes en materia de absentismo.

Protocolo de actuación

Denuncia do centro educativo aos servizos sociais de atención primaria.

Cumprimento do protocolo de absentismo da Xunta de Galicia e envío ó departamento de Servizos sociais por correo e con rexistro de saída.

Apertura de expediente e intervención socio-educativa municipal

Cítase aos pais e á/o menor, se non acuden faise visita domiciliaria deixando constancia desta a dando nova cita. En caso de non acudir á terceira cita trasládase ao Equipo de Menores.

Cando os pais e a/o menor acuden á entrevista asinarán un acordo de compromiso de asistencia ao centro. No caso de que este acordo se incumpla derivase o caso ao equipo de menores.

Intervención educativa do equipo de menores

O equipo de menores recibe o expediente de absentismo escolar, cita aos pais e á/o menor. Se non acuden á cita derivase o expediente a fiscalía de menores. Cando acuden á entrevista o equipo acorda coa familia un programa de seguimento da escolaridade. En caso de incumprimento o equipo de menores dá traslado á fiscalía de menores.

Outros Recursos

A policía nacional: ten nas súas funcións patrullar polo exterior dos centros educativos. Se atopan a algún/ha menor fóra dos centros pídenlle identificación e emiten un parte á súa familia e aos servizos sociais.

A policía local poderá ser requerida polo departamento de servizos sociais para acudir aos domicilios particulares do alumnado que non asiste ao centro.

A comisión municipal: formada por representantes dos centros (direccións e ANPAS); dos servizos sociais, da policía local e do equipo de menores actuará como órgano consultivo, e realizará a coordinación de actuacións e de asesoramento.